

Edito

O día 29/10/2009 aprobouse, por acordo plenario, provisionalmente a modificación das Ordenanzas Fiscais para o exercicio 2010.

Tralo período de exposición pública presentouse duas alegacións ás modificacións citadas no parágrafo anterior.

Por acordo plenario do día 22/12/2009 resolvéronse as alegacións presentadas, aprobando definitivamente a modificación das ordenanzas fiscais correspondentes ó citado exercicio.

Polo tanto a redacción definitiva das Ordenanzas fiscais correspondentes ó exercicio 2010 é como segue:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de Empresarios de Ferrolterra, polos motivos sinalados na parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Estimar as alegacións presentadas polo grupo municipal Esquerda Unida nos términos e alcance sinalados na parte expositiva do presente acordo, incorporando as mesmas ó texto definitivo das ordenanzas.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a imposición e ordenación das seguintes ordenanzas fiscais para o exercicio 2010 segundo o seguinte teor:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.

Artigo 1º. Fundamento e natureza

Ó abeiro do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, régulase a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa, os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración se deban utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupen o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa, telefonía móbil e outros medios de comunicación, que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.

4. O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeral.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa ou móbil) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras de devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectuen subministracións, coma se -non sendo titulares de devanditas redes-, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ó previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 novembro, xeral de telecomunicacións.

4. As empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e o voo da vía pública, regulada na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 4º. Sucesores e responsables

1. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse ós socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.

b) Cando legalmente se limita a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda.

Poderán transmitirse as débedas devengadas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estean liquidadas.

2. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.

3. As obrigas tributarias pendentes das fundacións, ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, en caso de disolución das mesmas, transmitiranse ós destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou ós partícipes ou cotitulares de ditas entidades.

4. As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás cales se refiren os apartados anteriores esixiranse ós sucesores daquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade enténdese á sanción.

b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións.

c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigas tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio.
Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal.

6. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:

a) Os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non realizasen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias ata os límites seguintes:

- Cando se cometeran infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.
- En supostos de cesamento das actividades, polas obrigas tributarias devengadas, que se atopen pendentes na data de cesamento, sempre que non tivesen feito o necesario para o seu pagamento ou tomasen medidas causantes da falla de pagamento.

b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non realizasen as xestións necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade.

7. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 5 ° - Servizo de telefonía móbil - Base imponible e cota tributaria

1. Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, que precisan utilizar a rede de telefonía fixa instalada neste Municipio, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base imponible

A base imponible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

$$BI = Cmf * Nt + (NH * Cmm)$$

Sendo:

Cmf = consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. O seu importe para o exercicio 2010 é de 58,9 euros/ ano.

Nt = Número de teléfonos fixos instalados no Municipio.

NH = 95% do número de habitantes empadroados no Municipio.

Cmm = Consumo medio telefónico, estimado por teléfono móbil por chamadas de móbil a móbil.

b) Cota básica

A cota básica global determínase aplicando o 1,4% á base imponible:

QB = 1,4% s/ BI

Cota tributaria/operador= CE * QB

Sendo:

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, engadindo as modalidades de postpago e pago previo.

O valor da cota básica (QB) para 2010 é de 305.149,56 euros.

c) Imputación por operador

Para 2010 o valor de CE e a cota trimestral a satisfacer por cada operador son os reflectidos no seguinte cadro:

| OPERADOR | %CE | COTA TRIMESTRAL |
|----------|--------|-----------------|
| Movistar | 48,87% | 37.281,65€ |
| Vodafone | 33,10% | 25.251,13€ |
| Orange | 16,58% | 12.648,45€ |
| Yoigo | 0,71% | 541,64€ |
| Euskatel | 0,74% | 564,53€ |

As cotas trimestrais a satisfacer polos operadores relacionados son a cuarta parte do importe que resulta de aplicar o coeficiente CE á cota básica establecida no apartado b) deste artigo.

Ós efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán probar ante o concello que o coeficiente real de participación no exercicio anterior ó devengo da taxa foi inferior. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

Artigo 6 - Outros servizos diferentes da telefonía móbil - Base imponible e cota tributaria.

1. Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a cal se produce o aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta ordenanza.

2. Cando para o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilízase redes alleas, a base imponible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba abonar o titular da rede, polo uso desta.

3. Ós efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

a) Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos abonados efectuados no Municipio.

b) Servizos prestados ós consumidores necesarios para a recepción da subministración ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo enlaces na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalacións propia da empresa.

c) Alugueres, canons, ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo.

d) Alugueres que han de pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados na prestación da subministración ou servizo.

e) Outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras.

4. Non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

5. Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:

a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.

b) As indemnizacións esixidas por danos e perdas, a menos que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se han de engadir nos ingresos brutos definidos no apartado 3.

c) Os ingresos financeiros, como intereses, dividendos e calquera outros de natureza análoga.

d) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.

e) As cantidades procedentes de alleamentos de bens e dereitos que forman parte do seu patrimonio.

6. As taxas reguladas nesta ordenanza exixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.

7. A contía da taxa determínase aplicando o 1,5% á base impositiva definida neste artigo.

Artigo 7º. Período impositivo e remuneración da taxa.

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o rateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente ós trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar o alta.

b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda ós trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel no que se orixina o cesamento.

2. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para ese efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos ós usuarios que o soliciten.

3. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo das vías públicas se prolongue durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 8º. Réxime de declaración e de ingreso - Servizos de telefonía móbil

1. As empresas operadoras de servizos de telefonía móbil relacionadas no artigo 5º desta ordenanza deberán presentar a autoliquidación e efectuar o ingreso da cuarta parte resultante do que establece o devandito artigo nos meses de abril, xullo, outubro e decembro.

2. Outras empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán a súa declaración en base ós parámetros establecidos no artigo 5º e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o ano 2010.

3. Unha vez concluído o exercicio 2010 os suxeitos pasivos que probasen, en base de datos oficiais, que a súa participación neste período diferise da porcentaxe aplicada a efectos do cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente.

Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso - Outros servizos.

1. Respecto dos servizos de subministración regulados no artigo 6º desta ordenanza, establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ó que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeral, comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como a data de finalización.

2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ó Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuada no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base imponible, segundo o detalle do artigo 6.3 desta Ordenanza. A especificación referida ó concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluírá a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos ás que se facturase cantidades en concepto de peaxe.

A contía total de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 6.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados neste Municipio.

3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita ós titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 6.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada.

4. Expedirase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pagamento que se indiquen.

Por razóns de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos se derive unha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase á seguinte.

5. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia das recargas de extemporaneidad, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.

6. A empresa "Telefónica de España, S.A.U.", á cal cedeu Telefónica, S.A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque a súa importe queda englobado na compensación do 1,9 % dos seus ingresos brutos que satisfai a este Concello.

As restantes empresas do "Grupo Telefónica", están suxeitas ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza. En particular, Telefónica Móviles España, S.A. esta suxeita á taxa, nos termos regulados no artigo 5 da presente ordenanza.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

1. A falla de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo o dispón o mencionado artigo.

2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionaranse de acordo co que se prevé na Lei xeral tributaria, no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público municipais.

3. A falla de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo o dispón o mencionado artigo.

Disposición adicional 1ª - Actualización dos parámetros do artigo 5º

As ordenanzas fiscais dos exercicios futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt, NH se así procede.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2010.

Se a presente ordenanza debe ser aplicada logo de 2010, as referencias a este ano, contidas nos artigos 5º e 8º, deben entenderse realizadas respecto de cada un dos exercicios en que se aplique a ordenanza.

Disposición adicional 2ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores

Os preceptos desta ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderanse que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor ou día da súa publicación non *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de caixeiros automáticos nas fachadas dos inmobles con acceso directo dende a vía pública.

TÍTULO I

Fundamento

Artigo 1. En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, así como polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación co disposto no artigo 20 do mesmo texto legal, este Concello establece a taxa por instalación de caixeiros automáticos nas fachadas dos inmobles con acceso directo dende a vía pública.

TÍTULO II

Feito Impoñible

Artigo 2.

1. Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial do dominio público que comporta a instalación polas entidades bancarias de caixeiros automáticos e demais aparellos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos nas fachadas dos inmobles, con acceso directo dende a vía pública.

2. A obriga de contribuír nace polo outorgamento da concesión da licenza administrativa ou dende que se realice o aproveitamento se se fixese sen a correspondente licenza.

TÍTULO III

Suxeitos Pasivos

Artigo 3.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa as entidades financeiras titulares dos caixeiros automáticos.

TÍTULO IV

Categorías das rúas

Artigo 4.

1. Para os efectos previstos para a aplicación da tarifa do artigo seguinte, as vías públicas deste Municipio clasifícanse nas categorías aplicables ó termo municipal en materia de IAE.

2. Cando o espazo afectado polo aproveitamento estea situado na confluencia de dúas ou máis vías públicas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa que corresponda á vía de categoría superior.

TÍTULO V

Cota tributaria

Artigo 5.

1. A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte, atendendo á categoría da rúa onde se instale o caixeiro automático.

2. Para a liquidación do presente tributo partirase das catro categorías de vías públicas existentes en materia de IAE.

Por cada caixeiro automático:

En 1ª Categoría 560 euros (Zona 1 e 2 en materia de IAE).

En 2ª Categoría 490 euros (Zona 3 en materia de IAE).

En 3ª Categoría 420 euros (Zona 4 en materia de IAE).

TÍTULO VI

Exencións

Artigo 6.

Dado o carácter desta taxa, non se concederá exención nin bonificación algunha.

TÍTULO VII

Período impositivo e devengo

Artigo 7.

1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento do aproveitamento especial, nese caso, o período impositivo axustarase a esta circunstancia co consecuente rateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano incluído o do comezo do aproveitamento especial. Así mesmo, e en caso de baixa por cesamento no aproveitamento, as tarifas serán rateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza devandito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se produciu o aproveitamento citado.

TÍTULO VIII

Normas de xestión

Artigo 8.

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza para a súa instalación, e formular declaración na que conste a localización do aproveitamento.

2. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións cando corresponda.

3. Unha vez concedida a licenza ou se proceda ó aproveitamento aínda sen haberse outorgado aquela, o Concello xirará a liquidación tributaria que corresponda, sen que este feito presupoña a concesión de licenza algunha.

4. O aproveitamento entenderase rogado mentres non se presente a baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación.

Xunto coa declaración, o suxeito pasivo deberá acompañar a licenza expedida polo Concello para suprimir fisicamente o aparello. A presentación da baixa terá efectos a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte ó da efectiva retirada do caixeiro automático.

5. En todo caso o inicio e o cesamento do aproveitamento están suxeitos ó réxime de autoliquidación.

6. Nos sucesivos exercicios, a taxa liquidarase por medio de padrón de cobro periódico por recibo.

TÍTULO IX

Infraccións e Sancións

Artigo 9.

1. No caso de existir débedas non satisfeitas esixiranse polo procedemento administrativo de prema segundo o disposto na vixente Lei Xeral Tributaria.

Disposición Transitoria Única

Para realizar as liquidacións correspondentes ó primeiro exercicio da imposición, a Policía Local levará a cabo un censo do dito aproveitamento determinando a entidade financeira titular do mesmo. Achegado o devandito censo se emitiran as liquidacións notificándoas ós suxeitos pasivos xunto co alta no padrón. Elaborado o censo e notificadas as liquidacións co alta no Padrón, para os exercicios seguintes será aplicable o réxime de autoliquidacións polas sucesivas altas e baixas.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción dá presente ordenanza fiscal entrará en vigor ou día dá súa publicación non *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de préstamo de bicicletas.

Fundamento e natureza

Artigo 1.- En uso das facultades concedidas polo artigo 106 dá Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 e seguintes do RDL 2/2004, este Concello establece a taxa polo servizo de préstamo de bicicletas. A dita taxa rexirase pola presente ordenanza fiscal e o resto das normas que resulten aplicables do ordenamento xurídico.

Feito imponible e devengo.

Artigo 2.- Constitúe o feito imponible da taxa a utilización do servizo de préstamo de bicicletas nos termos establecidos na correspondente ordenanza do dito servizo.

O devengo da taxa terá lugar o día un de xaneiro de cada exercicio e o período impositivo comprenderá o ano actual, salvo nos supostos de inicio ou cesamento do servizo en cuxo caso o período impositivo terá carácter semestral co correspondente rateo na cota.

Suxeito pasivo.

Artigo 3.- Terán a condición de suxeito pasivo contribuinte as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten o alta como usuario do servizo. No suposto de que o alta se formule para un menor de idade terá a condición de suxeito pasivo substituto a persoa que ostente a patria potestade do dito menor.

Tarifa.

Artigo 4.- O importe da cota é de 10€ por exercicio,

Normas de xestión.

Artigo 5.- A presente taxa xestionarase polo sistema de padrón. Neste senso corresponderá á dependencia encargada da prestación do servizo a remisión en soporte informático dos datos necesarios para a confección do mesmo. Envorcada a dita información na aplicación, procederase á notificación do alta de todos os contribuintes, xunto ca cota correspondente do dito exercicio.

En todo caso, aprobado o censo inicial de contribuíntes, as altas e baixas que se produzan con posterioridade quedarán suxeitas ó sistema do réxime de autoliquidacións co rateo derivado do establecido no artigo 2 da presente ordenanza.

Infraccións e Sancións Tributarias.

Artigo 6.- Todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan en cada caso, atenderáse ó disposto na Lei xeral tributaria e ás súas normas de desenvolvemento.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor ou día da súa publicación non *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Cuarto.- Aprobar definitivamente a modificación das ordenanzas reguladoras de tributos e prezos públicos para o exercicio 2010 segundo o seguinte teor:

Ordenanza fiscal xeral

O artigo 18 queda redactado como segue:

"Cobramento de exaccións por medio de recibo.

Para o cobramento de exaccións por medio de recibo, seguiranse as normas seguintes:

1. Unha vez formuladas as matrículas ou padróns, someteranse á aprobación do presidente e expoñeranse ó público por termo de quince días, admitíndose durante este prazo as reclamacións formuladas contra estes documentos, as cales serán sometidas, debidamente informadas, á resolución do alcalde.
2. Despois de aprobadas as matrículas e os padróns, só serán modificadas, agás no caso de resolución executiva do Tribunal competente que determine a anulación, rebaixa ou aumento das cotas líquidas, a consecuencia de altas e baixas previamente aprobadas polo alcalde.
3. Aprobados os documentos cobratorios, expedirá os correspondentes recibos o servizo de extensión mecánica adscrito ó Proceso de Datos, os cales se ingresarán na Depositaria municipal acompañados das listas cobradoras con aplicación á conta de "Valores Auxiliares e Independentes do Orzamento".
4. A medida que os recibos deban ser postos ó cobramento sairán da Depositaria por medio do respectivo mandamento con aplicación á mesma rúbrica de Valores Independentes e Auxiliares do Orzamento e seranlle entregados ó recadador con quince días de antelación, cando menos, ó de apertura do período voluntario de cobramento.
5. O cobramento voluntario por valores en recibo terá lugar en recibo único e anual, sen prexuízo do establecido da Disposición adicional primeira da presente ordenanza.
6. Decretado o procedemento de prema seggiranse os trámites establecidos para o no Regulamento xeral de recadación e a instrución xeral de recadación e contabilidade."

O artigo 19 queda redactado como segue:

"Aprazamentos e fraccionamentos.

Poderá concederse o pagamento aprazado ou fraccionado das débedas nos termos establecidos na disposición adicional segunda da presente Ordenanza."

Engádesse unha Disposición adicional primeira, co seguinte teor:

"Normas sobre pagamento a prazos das débedas tributarias e doutra natureza de devengo periódico".

I.- Solicitude e criterios de concesión

1.- As débedas tributarias e doutra natureza de devengo periódico e pagamento anual poderán facerse efectivas en período voluntario de pagamento en tres prazos, previa solicitude dos obrigados ó pagamento e cos requisitos e condicións sinalados no presente artigo.

2.- Os criterios xerais de concesión para as liquidacións incluídas nos padróns anuais son:

- a) A domiciliación das sucesivas fraccións.
- b) O importe mínimo do total de recibos a que esté obrigado o contribuínte é de 180,00 euros.
- c) Non ter débeda pendente en período executivo de pagamento ou ben, en caso contrario, ter formalizado unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento para a cancelación da mesma.
- d) Incluiranse a totalidade de tributos e demais ingresos de dereito público de devengo periódico e pago anual a que esté obrigado o contribuínte, de conformidade cos padróns do exercicio corrente ou, no seu defecto, cos padróns do exercicio anterior.
- e) As datas de pagamento son tres: 5 de marzo, 5 de xullo e 5 de novembro.
- f) Para fixar o importe de cada un dos prazos, dividirase por tres o importe resultante do disposto no apartado d) anterior. O último prazo incluírá, de ser o caso, unha regularización pola diferenza existente entre os pagamentos realizados e total das débedas de devengo periódico e carácter anual do contribuínte.

3.- As solicitudes de pagamento a prazos dirixiranse, en documento específico, á presidencia do IMFACOFE.

4.- O órgano competente para a tramitación das solicitudes de pagamento a prazos é o IMFACOFE. O servizo de recadación examinará e avaliará as solicitudes presentadas, verificando a concurrencia das condicións precisas para obter o pagamento a prazos solicitado.

5.- As solicitudes poderán presentarse antes do último día hábil do mes de xaneiro de cada ano. A partir desta data, as solicitudes presentadas terán efectos para o ano inmediato seguinte.

6.- As solicitudes deberán conter os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado ó pagamento e, no seu caso, da persoa que o represente.
- b) Os tributos e demais ingresos de dereito público de devengo periódico e pagamento anual dos que é suxeito pasivo.
- c) A orde de domiciliación bancaria, indicando o número de conta e os datos identificativos da entidade de crédito que teña que efectuar o cargo en conta.

7.- Unha vez incluído un contribuínte neste sistema de pagamento, esta entenderase rogada tácitamente salvo desestimento expreso ou incumprimento de calquera dos prazos.

8.- Antes do día 15 de marzo de cada ano poderá desistirse de maneira expresa da solicitude de acollemento ó sistema de pagamento a prazos, pasando a rexirse polo sistema xeral.

9.- A todos os contribuíntes que así o demanden se lles facilitará, de forma personalizada e a nivel indicativo, información acerca dos tributos e demais ingresos de dereito público de devengo periódico e pagamento anual que lle afecten ó importe de cada un dos prazos resultantes.

II.-Efectos da falta de pagamento

O impago de calquera dos prazos suporá a perda automática do dereito a beneficiarse deste sistema de pagamento, pasando a rexirse polo sistema xeral e, polo tanto, terase que proceder ó pagamento das débedas dentro do período voluntario de ingreso establecido para cada tributo ou ingreso de dereito público, se este non tivera finalizado, ou, en período executivo en caso contrario."

Engádesse unha disposición adicional segunda, coa seguinte tenor:

"Normas sobre aprazamentos e fraccionamentos.

I.-Solicitude e criterios de concesión

1.- A solicitude de aprazamento e fraccionamento de pagamento dirixirase á presidencia do Imfacofe, órgano competente para a concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.

2.- O órgano competente para a tramitación das solicitudes de aprazamentos ou fraccionamentos é o Imfacofe. O servizo de recadación examinará e evaluará a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos [agás cando concorran as condicións fixadas nos apartados a) e b) do punto cinco seguinte] e valorará a suficiencia e idoneidade das garantías, ou no caso de solicitude de dispensa de garantía, verificará a concorrencia das condicións precisas para obtela.

Realizados os trámites anteriores, pola Tesourería do Organismo formularase

proposta de resolución que será remitida á presidencia para a súa resolución.

3.- Así mesmo, a Tesourería do Instituto disporá o necesario para que as solicitudes referidas no punto anterior se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos ou fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, aportando os documentos que se crean convenientes.

4.- O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

5.- Os criterios xerais de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos son:

- a) As débedas de importe inferior a 750 euros poderán aprazarse ou fraccionarse por un período máximo de nove meses.
- b) O pagamento das débedas de importe comprendido entre 750 euros e 1.500 euros pode ser aprazado ou fraccionado ata 18 meses.
- c) O pagamento das débedas de importe comprendido entre 1.501 euros e 3.000 euros pode ser aprazado ou fraccionado ata 24 meses.
- d) Se o importe excede de 3.000 euros, os prazos concedidos poden extenderse ata 36 meses.

6.- Só excepcionalmente concederáse aprazamento das débedas con importe inferior a 180 euros.

Así mesmo, só en casos moi cualificados e excepcionais, en función da capacidade de pagamento do obrigado e do importe adebedado, poderán concederse aprazamentos e fraccionamentos por un período de ata tres anos. No obstante, non poderán concederse aprazamentos ou fraccionamentos por períodos cuxos prazos de pagamento superen o de prescrición de cada débeda obxecto de aprazamento ou fraccionamento.

7.- A concesión do aprazamento ou fraccionamento de pago requerirá que o solicitante domicilie o pagamento da débeda ou das sucesivas fraccións. A tal efecto, na solicitude deberá constar a orde de domiciliación bancaria, indicando o número de conta e os datos identificativos da entidade de crédito que teña que efectuar o cargo en conta.

8.- En tanto en canto é tramitada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento será necesario que o debedor faga efectivas a fracción ou fraccións nos prazos propostos polo mesmo ou nos que poda indicar provisionalmente a Recadación municipal.

9.- A resolución das peticións sobre aprazamentos ou fraccionamentos será notificada ós interesados.

Contra a resolución das peticións sobre aprazamentos ou fraccionamentos de pago, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o Presidente do Imfacofe, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

II.-Cómputo de xuros.

1.- Con carácter xeral, as débedas excluído, no seu caso, o recargo executivo, devengarán xuros de mora polo tempo que dure o aprazamento.

2.- Na aplicación do punto anterior, se terán en conta estas regras :

a) O tempo de aprazamento compútase dende o vencemento do período voluntario e

ata o termo do prazo concedido.

b) No caso de fraccionamento, computaranse os xuros devengados por cada fracción dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo concedido para cada fracción, debéndose satisfacer xunto coa dita fracción.

No caso de que o fraccionamento ou aprazamento sexa superior ó ano e, por tanto, se descoñeza o tipo de xuro aplicable, calcularase éste en base ó tipo vixente e posteriormente regularizarase se se tivera modificado o tipo de xuro aplicable. Se se ten ordenado a domiciliación referida no artigo anterior no apartado 6, o cargo de cada fracción efectuarase polo importe inicialmente calculado, regularizándose no cargo correspondente á última fracción.

4.- Se, chegado o vencemento da débeda aprazada ou fraccionada non se realizara o pagamento, a liquidación de xuros practicarase no momento de efectuar o pagamento, tomando como base de cálculo o principal da débeda.

O tipo de xuro a aplicar será o de mora, vixente ó longo do período.

III.- Garantías en aprazamentos e fraccionamentos.

1.- Cando o solicitante sexa unha Administración Pública non será esixida garantía. Nos demais casos, cando o importe da débeda que se solicita aprazar ou fraccionar é superior a 6.000 euros, será necesario constituir garantía, que afiance o cumprimento da obriga.

2.- A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de mora que xere o aprazamento, máis un 25 por cento da suma de ambas partidas.

3.- No caso de solicitude de fraccionamento, poderá constituirse unha única garantía para a totalidade das fraccións que podan acordarse ou ben garantías parciais e independentes para unha ou varias fraccións. En todo caso, a garantía deberá cubrir o importe das fraccións a que se refira, incluíndo o importe que por principal e xuros de mora se incorpore ás fraccións máis o 25 por cento da suma de ambas partidas.

4.- Aceptaranse as seguintes garantías:

a) Aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. O término deste aval ou certificado de seguro de caución deberá exceder en 6 meses, polo menos, ó vencemento dos prazos concedidos e estará debidamente intervido.

b) Facturas ou certificacións de obra aprobadas polo Imfacofe ou polo Concello, cuxo pagamento quedará retido en tanto non sexa cancelada a débeda afianzada.

c) Calesquera outras que se estimen suficientes.

5.- Nos supostos de verdadeira necesidade, distintos dos contemplados no apartado primeiro deste artigo, poderase dispensar de aportar garantía, correspondendo adoptar o acordo ó Presidente do Organismo.

6.- Cando fora realizada anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, a xuízo da tesoureira, considerarase garantida a débeda e non será necesario aportar nova garantía.

7.- O obrigado ó pagamento poderá solicitar a adopción de medidas cautelares para constituir a garantía, mediante anotación preventiva do embargo de bens que lle pertenzan.

8.- O acordo de concesión especificará a garantía que o solicitante deberá

aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

9.- A garantía deberá aportarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación do acordo de concesión. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixirase inmediatamente pola vía de prema a débeda cos seus xuros e o recargo de prema, sempre que concluíra o período regulamentario de ingreso. Se o aprazamento fose solicitado en período executivo, continuarase co procedemento de prema.

10.- Cando sexa presentada unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario, sen acompañar o compromiso de entidade solvente de afianzar a débeda e se atope pendente de resolución na data de finalización do período de pagamento voluntario, a Tesoureira poderá ordenar a retención cautelar dos pagos que o Organismo ou o Concello deba efectuar ó debedor.

IV.- Efectos da falta de pagamento

1.- Nos aprazamentos a falta de pagamento ó vencemento das cantidades aprazadas determinará :

a) *Se a débeda se atopaba en período voluntario no momento de conceder o aprazamento,* esixirase pola vía de prema a débeda aprazada e os xuros devengados, co recargo executivo do 5 por 100. O recargo aplicarase sobre o principal da débeda inicialmente liquidada, con exclusión dos xuros de mora. De non efectuarse o pagamento nos prazos fixados no artigo 62.5 da LXT, procederase a executar a garantía; no caso de inexistencia, ou insuficiencia desta, se seguirá o procedemento de prema para a realización da débeda pendente.

b) *Se o aprazamento foi solicitado en período executivo,* procederase a executar a garantía, unha vez transcorridos os prazos fixados no artigo 62.5 da LXT, e, no caso de inexistencia ou insuficiencia desta, proseguirase o procedemento de prema.

2.- Nos fraccionamentos a falta de pagamento dun prazo determinará :

a) *Se a débeda se atopaba en período voluntario,* a esixibilidade en vía de prema das cantidades vencidas, extremo que será notificado ó suxeito pasivo, concedéndolle os prazos regulamentarios de pagamento das débedas en período executivo, establecidos no artigo 62.5 da LXT. Se fose incumprida a obriga de pagar neste término, consideraranse vencidos os restantes prazos, esixíndose tamén en vía de prema.

b) *Se a débeda se atopaba en período executivo,* continuará o procedemento de prema para a exacción da totalidade da débeda fraccionada pendente de pagamento.

c) Nos fraccionamentos concedidos con garantía ou garantías constituídas sobre o conxunto das fraccións, transcorridos os prazos previstos no artigo 62.5 da LXT sen que o ingreso das cantidades esixidas se tivese efectuado, procederase a executar a garantía.

3.- Nos fraccionamentos de pagamentos que se constituíran garantías parciais e independentes por cada un dos prazos, procederase do seguinte xeito:

a) *Cando o fraccionamento fora solicitado en período voluntario,* o incumprimento do pagamento dunha fracción determinará a esixencia pola vía de prema exclusivamente da dita fracción e os seus xuros de mora, co correspondente recargo de prema, procedéndose a executar a respectiva garantía.

b) *Cando o fraccionamento fora solicitado en período executivo,* executarase a garantía correspondente á fracción impagada máis os xuros de mora devengados.

c) *En ambos casos, o resto do fraccionamento subsistirá nos termos en que foi concedido.*

En todo o no prevenido nas presentes normas, será de aplicación o regulado na Lei Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación e demais normas aplicables

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles

O artigo 4 da ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto de bens inmóbles, queda redactado do seguinte xeito:

"Establécese unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto de bens inmóbles a favor dos suxeitos pasivos que teñan a condición de titulares de familia numerosa. Nese senso, e nos terminos da disposición sexagésima cuarta da Lei 2/2008, terán esa consideración as familias monoparentais con dous fillos a cargo, nos termos que determine a normativa de desenvolvemento da citada Lei. Dita bonificación será do 20% da cota íntegra para os titulares de familia numerosa na categoría xeral, e do 40% da cota íntegra para os titulares de familia numerosa en categoría especial.

Requisitos obxectivos:

Só serán bonificables as cotas correspondentes ós inmóbles que constitúan o domicilio da familia numerosa, tendo esta consideración o domicilio no que figuren empadroados. Ningún suxeito pasivo poderá desfrutar a bonificación de forma simultánea en dous bens distintos.

Requisitos formais:

A bonificación esixe a previa solicitude do interesado. Esta solicitude será acompañada de copia compulsada do título de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Administración autonómica. Os datos relativos ó domicilio da familia numerosa obteranse de oficio por esta Administración. En todo caso o outorgamento do beneficio fiscal terá efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foi concedida.

Duración:

A bonificación será outorgada a ta a data sinalada como de caducidade no título de familia numerosa. En todo caso a perda da condición de familia numerosa antes do cumprimento do prazo sinalado determinará a perda da bonificación. Esta perda será aplicable ó exercicio poseterior a aquel no que se produza. A falta de comunicación, polo suxeito pasivo. A esta Administración de dita perda da condición de familia numerosa terá a consideración de infracción tributaria, coa cualificación e sancións que determine a lexislación vixente en cada momento."

Engádesse un artigo 6 co seguinte teor:

"Establécese unha recarga do 50 por 100 sobre a cota líquida dos bens inmóbles urbanos de uso residencial desocupados con carácter permanente, que se aplicará conforme ó disposto no parágrafo terceiro do apartado 4 do artigo 72 do T.R. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais".

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora do servizo de acompañamento pola policía local a transportes especiais:

Artigo 1.- En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 e seguintes do RDL 2/2004, este Concello establece a taxa polo servizo de acompañamento pola Policía Local a transportes especiais. A dita taxa rexirase pola presente ordenanza fiscal e o resto das normas que resulten aplicables do ordenamento xurídico.

Feito impoñible e devengo.

Artigo 2.- Constitúe o feito impoñible da taxa o acompañamento de determinados transportes por parte da Policía Local dentro do termo municipal.

O devengo da taxa terá lugar cando se presente a solicitude polo interesado á Policía Local para a prestación do servizo, a cal non se realizará sen que se efectúe o pagamento correspondente.

Suxeito pasivo.

Artigo 3.- Terán a condición de suxeito pasivo contribuinte as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten a prestación do servizo.

Tarifa.

Artigo 4.- A cota virá determinada, pola suma dos seguintes conceptos:

- Por hora ou fracción 50,68€.
- Por elementos utilizados na prestación do servizo (hora ou fracción):

| CONCEPTO | CUSTO UNITARIO POR HORA (€) |
|-----------------------|-----------------------------|
| Citroen Xsara HDI | 10,96 |
| Moto Honda CB500 | 5,79 |
| Persoal Gardas Tipo 2 | 19,59 |
| Persoal Gardas Tipo 3 | 21,30 |

Normas de xestión.

Artigo 5.- A presente taxa xestionarase polo sistema autoliquidación. Nese senso o suxeito pasivo formulará a correspondente solicitude de prestación do servizo á Policía Local. Unha vez realizadas pola Policía Local as actuacións administrativas que correspondan, remitirase ó área de Facenda os datos correspondentes ó suxeito pasivo xunto coa determinación dos elementos que se afectaran ó servizo solicitado e unha imputación de tempo para a súa execución. Esta remisión efectuarase cunha semana de antelación á data solicitada para o servizo obxecto de liquidación.

Corresponderá ó suxeito pasivo a acreditación á Policía Local do aboamento da liquidación practicada de forma previa á prestación do servizo solicitado.

Infraccións e Sancións Tributarias.

Artigo 6.- En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan en cada caso, atenderáse ó disposto na Lei xeral tributaria e as súas normas de desenvolvemento.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos:

O artigo 4 queda redactado como segue:

"a) Por cada verificación de suficiencia dun poder efectuado polo secretario xeral32,46 €.

Unha vez que o secretario xeral verifique a suficiencia dun poder, este será adecuado e suficiente para os efectos desta Corporación mentres non sexa obxecto de modificación ou revogación, polo que non serán precisas novas dilixencias de verificación de suficiencia para tomar parte validamente en posteriores expedientes de contratación.

b) Por cada licenza de uso de escopetas de aire comprimido ... 10,08 €.

c)

| | |
|---|--------|
| Por cada copia do plano da cidade | 10,08€ |
| Por cada copia do plano da serie da rede de sumidoiros | 9,51€ |
| Por cada copia do plano da serie da rede de auga | 9,51€ |
| Por cada copia dos planos ou reprodución aérea dos polígonos catastrais | 9,51€ |

d) Por cada copia de plans de proxectos en xeral da máquina reprodutora de plans9,51 €.

e) Por expedición de certificación urbanística por cada unha .. 11,77 €.

f) Por informes sobre réxime urbanístico por cada predio ... 27,08 €.

Quedan excluídas desta taxa aquelas certificacións referidas á inclusión ou non do predio nun ámbito de Área de Rehabilitación Integral ou Área de Rehabilitación de Casco Histórico, a efectos de solicitar ou xustificar unha axuda á rehabilitación de edificios ou vivendas.

g) 1.-Taxas de licenza e rexistro de vehículos para a tora de madeira no termo municipal de Ferrol.

Para efectos de trámite de licenza e rexistro de vehículos establécense as taxas seguintes, que serán renovadas mediante ordenanza fiscal específica:

| | |
|---|---------------------------------------|
| Tramitación de nova licenza ou renovación | 19,20€ |
| Por cada rexistro de vehículo en nova licenza ou novos rexistros de vehículos | PMA menor de 16 Tm: 3,87 € |
| | PMA igual ou superior a 16 Tm: 7,71 € |

2.- Taxa pola autorización de tala 2% da valoración da

tala, debendo para iso achegar o interesado autorización administrativa da Administración competente.

h) Taxa pola tramitación e entrega de información cartográfica en soporte dixital.

O importe da taxa recollerá os conceptos de tempo utilizado na realización do traballo e unidades de soporte informático utilizado para o seu almacenamento, tendo en conta que o criterio para calcular o importe da taxa será, polo tanto, a suma dos seguintes conceptos:

| | | |
|---|----------|--------|
| Cada 30 minutos de traballo ou fracción | 28,76 € | |
| Por cada unidade de soporte informático | Disquete | 0,45 € |
| | CD | 0,81 € |

i) Taxa por expedición de licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos, por cada licenza... 52,04 €.

j) Expedición de informes pola Policía Local:

- Relativo á accidentes de circulación realizados pola Policía Local 13,81 €.
- Expedición doutros informes 6,91 €.

k) Expedición de informes técnicos no outorgamento de licenza de obras e outros.

Cando dentro dun mesmo procedemento relativo ó outorgamento de licenzas de obra, instalación ou apertura, ou en xeral calquera outro procedemento en materia urbanística sexa necesaria a emisión de dous ou máis informes polos servizos técnicos municipais relativos a que a documentación presentada non é correcta (documentación incompleta ou que non cumpre ou non xustifica a normativa vixente), quedarán suxeitos a taxa os citados informes, sendo a súa contía:

- Emisión do segundo informe 29,08€.
- Emisión do terceiro informe 37,39€.
- Emisión do cuarto informe e posteriores..41,53€.

l) Visitas de inspección dos servizos técnicos na tramitación de licenza de apertura e outros.

Cando dentro dun mesmo procedemento relativo á tramitación de licenzas de apertura e funcionamento de actividades, licenzas de primeira utilización de edificacións, legalizacións de obras ou cambio de uso, que requiran visitas de inspección por parte dos servizos técnicos sexa necesaria a realización de dous ou máis inspeccións polos ditos servizos porque as obras e instalacións non se axustan ás licenzas aprobadas e a documentación técnica presentada, quedarán suxeitos a taxa as citadas visitas de inspección, sendo a súa contía:

- Segunda visita de inspección 87,22€.
- Terceira visita de inspección 112,15€.
- Cuarta e posteriores visitas de inspección .. 124,60€."

m) Para aqueles suxeitos pasivos que en resolucións administrativas firmes se constate o incumprimento da súa obriga de conservar un inmovible, a cota correspondente ós informes técnicos ou visitas de inspección -referidas nos parágrafos "L" e "M" do presente precepto- que se deriven con posterioridade

a dita resolución administrativa, e que sean relativas ó mesmo inmovible será:

Emisión de informe técnico300€
 Visita de inspección dos servizos técnicos.....600€

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos orgánicos.

O artigo 6 queda redactado como segue:

"Beneficios fiscais

a) Bonificación

1.a) Gozarán dunha bonificación, aqueles aboados para os que a suma dos ingresos de todas as persoas que convivan no inmovible que corresponda á alta da póliza de aboamento non supere ó salario mínimo interprofesional, segundo o seguinte baremo:

| Nº membros U.Familiar | INGRESOS MÁXIMOS |
|-----------------------|----------------------------|
| 1 | IPREM |
| 2 | IPREM incrementado nun 10% |
| 3 | IPREM incrementado nun 20% |
| 4 | IPREM incrementado nun 30% |
| 5 | IPREM incrementado nun 40% |
| 6 | IPREM incrementado nun 50% |
| 7 | IPREM incrementado nun 60% |
| 8 | IPREM incrementado nun 70% |
| 9 | IPREM incrementado nun 80% |

O importe da bonificación desglosarase:

- Cota de servizo: 85%
- Cota de consumo: estarán exentos de aboamento polo consumo dos primeiros 30m3 correspondentes a cada bimestre. Para os consumos que excedan da dita contía aplicarase o sistema tarifario común.

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estaren empadroados no termo municipal e residir habitualmente na vivenda para a que se solicita a bonificación da cota.
- O recibo de auga, recollida de lixo e sumidoiros ten que estar ó nome da persoa solicitante.
- No mes de xaneiro do seguinte ano deberá solicitar a prórroga da bonificación da cota. A documentación será a mesma que para unha solicitude nova. De non presentala, extinguirase automaticamente o dereito e procederase a súa baixa.

En todo caso os beneficios reconecidos no presente precepto terán carácter

rogado, debendo acreditar o solicitante o cumprimento dos requisitos esixidos.

Exención

2.-Éximese do aboamento das taxas reguladas na presente ordenanza a aquelas unidades familiares nas que todos os seus membros estén en situación de desemprego. En todo caso, esta exención queda suxeita ós seguintes requisitos:

-Entenderase por unidade familiar todas as persoas que figuran no padrón de habitantes no domicilio cuxa exención se solicita.

-As persoas as que se refire o punto anterior deberán de estar en situación de desemprego. En todo caso o alta na dita situación de desemprego deberá ser posterior a 1 enero de 2010.

-Corresponde ó solicitante acreditar, tanto o cese de actividade laboral como a causa do dito cese, sen que en ningún caso a presente exención sexa aplicable as situacións de paro laboral voluntarias.

O inicio de actividade laboral de calquera membro da dita unidade familiar determinará o cese da exención, correspondendo ó beneficiario a comunicación de tal extremo. No caso de que a dita comunicación non se produza y constando el cambio de situación laboral por cualquier otro medio, procederáse de oficio a revocar a exención, con aplicación das sancións que corresponda.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga potable.

A redacción do artigo 13 queda como segue:

"Beneficios fiscais

a) Bonificación

1.a) Gozarán dunha bonificación, aqueles abonados para os que a suma dos ingresos de todas as persoas que convivan no inmovible que corresponda á alta da póliza de aboamento non supere ó salario mínimo interprofesional, segundo o seguinte baremo:

| Nº membros U.Familiar | INGRESOS MÁXIMOS |
|--------------------------|----------------------------|
| 1 | IPREM |
| 2 | IPREM incrementado nun 10% |
| 3 | IPREM incrementado nun 20% |
| 4 | IPREM incrementado nun 30% |
| 5 | IPREM incrementado nun 40% |
| 6 | IPREM incrementado nun 50% |
| 7 | IPREM incrementado nun 60% |
| 8 | IPREM incrementado nun 70% |
| 9 | IPREM incrementado nun 80% |

O importe da bonificación desglosarase:

- Cota de servizo: 85%
- Cota de consumo: estarán exentos de aboamento polo consumo dos primeiros 30 m³ correspondentes a cada bimestre. Para os consumos que excedan da dita contía aplicarase o sistema tarifario común.

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estaren empadroados no termo municipal e residir habitualmente na vivenda para a que se solicita a bonificación da cota.
- O recibo de auga, recollida de lixo e sumidoiros ten que estar ó nome da persoa solicitante.
- No mes de xaneiro do seguinte ano deberá solicitar a prórroga da bonificación da cota. A documentación será a mesma que para unha solicitude nova. De non presentala, extinguirase automaticamente o dereito e procederase a súa baixa.

1.b) As familias numerosas facturarán a cota de consumo ó prezo do primeiro tramo, en todo caso. A duración deste beneficio verá determinado polo prazo asignado no título entregado polo organismo competente. Nese senso, e nos terminos da disposición sexagésima cuarta da Lei 2/2008, terán esa consideración as familias monoparentais con dous fillos a cargo, nos termos que determine a normativa de desenvolvemento da citada Lei.

En todo caso os beneficios recoñecidos no presente precepto terán carácter rogado, debendo acreditar o solicitante o cumprimento dos requisitos esixidos.

2.-Exímese do aboamento das taxas reguladas na presente ordenanza a aquelas unidades familiares nas que todos os seus membros están en situación de desemprego. En todo caso, esta exención queda suxeita ós seguintes requisitos:

- Entenderase por unidade familiar todas as persoas que figuran no padrón de habitantes no domicilio cuxa exención se solicita.
- As persoas as que se refire o punto anterior deberán de estar en situación de desemprego. En todo caso a alta na dita situación de desemprego deberá ser posterior a 1 de xaneiro de 2010.
- Corresponde ó solicitante acreditar, tanto o cese de actividade laboral como a causa do dito cese, sen que en ningún caso a presente exención sexa aplicable as situacións de paro laboral voluntarias.

O inicio de actividade laboral de calquera membro da dita unidade familiar determinará o cese da exención, correspondendo ó beneficiario a comunicación de tal extremo. No caso de que a dita comunicación non se produza e constando o cambio de situación laboral por calquera outro medio, procederáse de oficio a revogar a exención, con aplicación das sancións que corresponda.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora da taxa das redes de saneamento.

A redacción do artigo 11 queda como segue:

""Beneficios fiscais

a) Bonificación

1.a) Gozarán dunha bonificación, aqueles abonados para os que a suma dos ingresos de todas as persoas que convivan no inmovible que corresponda á alta da póliza de aboamento non supere ó salario mínimo interprofesional, segundo o seguinte baremo:

| Nº membros U.Familiar | INGRESOS MÁXIMOS |
|-----------------------|----------------------------|
| 1 | IPREM |
| 2 | IPREM incrementado nun 10% |
| 3 | IPREM incrementado nun 20% |
| 4 | IPREM incrementado nun 30% |
| 5 | IPREM incrementado nun 40% |
| 6 | IPREM incrementado nun 50% |
| 7 | IPREM incrementado nun 60% |
| 8 | IPREM incrementado nun 70% |
| 9 | IPREM incrementado nun 80% |

O importe da bonificación desglosarase:

- Cota de servizo: 85%
- Cota de consumo: estarán exentos de aboamento polo consumo dos primeiros 30 m³ correspondentes a cada bimestre. Para os consumos que excedan da dita contía aplicarase o sistema tarifario común.

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estaren empadroados no termo municipal e residir habitualmente na vivenda para a que se solicita a bonificación da cota.
- O recibo de auga, recollida de lixo e sumidoiros ten que estar ó nome da persoa solicitante.
- No mes de xaneiro do seguinte ano deberá solicitar a prórroga da bonificación da cota. A documentación será a mesma que para unha solicitude nova. De non presentala, extinguirase automaticamente o dereito e procederase a súa baixa.

En todo caso os beneficios recoñecidos no presente precepto terán carácter rogado, debendo acreditar o solicitante o cumprimento dos requisitos esixidos.

2.-Exímese do aboamento das taxas reguladas na presente ordenanza a aquelas unidades familiares nas que todos os seus membros estean en situación de desemprego. En todo caso, esta exención queda suxeita ós seguintes requisitos:

- Entenderase por unidade familiar todas as persoas que figuran no padrón de habitantes no domicilio cuxa exención se solicita.
- As persoas ás que se refire o punto anterior deberán de estar en situación de desemprego. En todo caso a alta na dita situación de desemprego deberá ser posterior a 1 de xaneiro de 2010.
- Corresponde ó solicitante acreditar, tanto o cese de actividade laboral como a causa do dito cese, sen que en ningún caso a presente exención sexa aplicable ás situacións de paro laboral voluntarias.

O inicio de actividade laboral de calquera membro da dita unidade familiar determinará o cese da exención, correspondendo ó beneficiario a comunicación de tal extremo. No caso de que a dita comunicación non se produza e constando

o cambio de situación laboral por calquera outro medio, procederáse de oficio a revogar a exención, con aplicación das sancións que corresponda.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora da taxa do cemiterio municipal.

O artigo 8 queda redactado como segue:

" A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

Tarifa xeral

1. Concesión de terreos para mausoleos, panteóns e sepulturas subterráneas, por metro cadrado ou fracción

| | |
|---|---------|
| Terreos para mausoleos e panteóns (máximo 20 m ²) | 775,87€ |
| Terreos para sepulturas subterráneas (máximo 5,6 m ²) | 729,55€ |

2. Concesión de nichos polo tempo que preste servizo o cemiterio

| | |
|--------------------------------------|---------|
| Por cada nicho da primeira ringleira | 551,47€ |
| Por cada nicho da segunda ringleira | 610,47€ |
| Por cada nicho da terceira ringleira | 492,07€ |

3. Concesión de cinceiros polo tempo que preste servizo o cemiterio

| | |
|---|---------|
| Por cada cinceiro ringleiras 1, 2, 3, 4 e 5 | 255,99€ |
| Por cada cinceiro das ringleiras restantes | 202,43€ |

4. Depósitos de cadáveres

| | |
|---|--------|
| Pola utilización da sala de velorio, por día | 91,72€ |
| Pola utilización de cámaras frigoríficas, por cada unha e día | 59,52€ |

O dereito que se adquire mediante o pagamento da tarifa correspondente a nichos, cinceiros, así coma o de terreos para a construción de mausoleos, panteóns e sepulturas subterráneas, do que a súa concesión sexa a perpetuidade, non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación dos restos nos ditos espazos polo tempo que preste servizo o cemiterio, sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos e cumpran as normas que para o dito efecto se establezan no epígrafe 9 "Conservación".

5. Cambio da titularidade

- a) Dun mausoleo ou panteón, por venda ou doazón, pagará o 25% da taxa establecida nesta tarifa para a venda do terreo.
- b) Dun mausoleo ou panteón, por herdanza, pagará o 10 % da taxa establecida nesta tarifa para a venda do terreo.
- c) Dunha urna por venda ou doazón, pagará o 25 % da taxa establecida nesta tarifa para a venda do terreo.
- d) Dunha urna por sucesión pagará o 10% do prezo establecido para a

venda do terreo.

e) Dun nicho, por venda ou doazón, pagará o 25 % da taxa establecida nesta tarifa para a súa venda.

f) Dun nicho por sucesión, pagará o 10 % da taxa establecida para a venda do mesmo.

g) Dun cinceiro, por venda ou doazón, pagará o 25 % do prezo establecido para a venda do mesmo.

h) Dun cinceiro, por herdanza, pagará o 10 % do prezo establecido para a venda do mesmo.

i) Por permuta de nichos59,52 €.

6. Inscripción nos rexistros

Por inscrición no Rexistro municipal de propietarios de panteóns, urnas, nichos e cinceiros, por calquera causa.....12,08 €.

7. Licenza para apertura de panteóns, urnas, nichos e sepulturas en terra

a) Permiso de apertura ordinaria:

| | |
|---|--------|
| Por inhumación ou exhumación en mausoleos | 59,52€ |
| Por inhumación ou exhumación en urnas | 54,07€ |
| Por inhumación ou exhumación en nichos | 18,46€ |
| Por inhumación ou exhumación en cinceiros | 12,08€ |
| Por inhumación ou exhumación en terra | 23,98€ |

b) Permiso de apertura extraordinaria para inhumación ou exhumación de cadáveres no primeiro trienio do enterramento:

| | |
|-------------------------------------|---------|
| En mausoleos e panteóns | 231,80€ |
| En urnas ou sepulturas subterráneas | 204,89€ |
| En nichos | 204,89€ |
| En terra | 172,52€ |

c) Permiso de apertura extraordinaria nos anos cuarto e quinto do enterramento:

| | |
|-------------------------------------|---------|
| En mausoleos e panteóns | 172,52€ |
| En urnas ou sepulturas subterráneas | 151,06€ |
| En nichos | 118,69€ |
| En terra | 91,72€ |

d) Ademais das cotas anteriores, por traslado de cadáveres....23,98€.

8. Licenzas para instalacións e reparacións

d) Instalacións:

| | |
|---|--------|
| Por cada permiso para colocacións de lousas en mausoleos e panteóns | 34,67€ |
| Por cada permiso para colocacións de lousas en urnas | 29,20€ |
| Por cada permiso para colocacións de lousas en nichos | 23,98€ |
| Por cada permiso para colocacións de lousas en cinceiros | 6,13€ |
| Por cada permiso para colocación de cruces ou calquera outro símbolo en sepulturas de terra | 12,08€ |

Co obxecto de manter a uniformidade e decoro, así como facilitar a limpeza e adecentamento do terreo destinado a inhumacións, prohibese a execución de obras auxiliares coma sarcófagos, etc.

b) Reparacións:

- As licenzas para reparacións de mausoleos, panteóns, urnas, nichos e cinceiros, tributarán pola ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras e pola ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas.

9. Custodia do recinto do cemiterio municipal

Co fin de asegurar a máis decorosa e digna conservación do recinto e espazos próximos ós destinados a enterramentos, esixiranse os seguintes dereitos ó ano:

| | |
|--------------------------------------|--------|
| Por mausoleos e panteóns ó ano | 70,13€ |
| Por urnas por ano | 36,11€ |
| Por nichos por ano | 11,52€ |
| Por vixilancia en cinceiros, por ano | 3,73€ |

1. Cando as sepulturas de calquera clase e, en xeral, tódolos lugares destinados a enterramentos, fosen desatendidos polos seus respectivos familiares, titulares ou parentes, dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá proceder á demolición no primeiro caso e á retirada de cantos atributos e obxectos se atopen deteriorados ou abandonados no segundo, sen que en ningún caso poida esixírselle indemnización ningunha.

2. Poderá ademáis declararse a caducidade e reverterá ó Concello a enteira dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

a) Polo estado ruinoso da construción. A declaración de tal estado e caducidade requirirá expediente administrativo por iniciativa da Alcaldía.

b) Polo abandono da sepultura, considerándose como tal o transcurso de cinco anos dende a última inhumación verificada nela, sen que o seu titular, familiares ou parentes aboasen os dereitos correspondentes a este epígrafe de conservación.

3. O expediente administrativo de caducidade nos supostos a) e b) do número anterior conterà a citación do titular, se o seu domicilio é coñecido, ou de non selo, a súa publicidade mediante edicto no *Boletín oficial da Provincia da Coruña* e no correspondente á do último domicilio coñecido, sinalando un prazo de trinta días para que o titular e os seus familiares ou os seus parentes comparezan e asinen o compromiso de satisfacer os dereitos ou de levar a cabo a reparación procedente.

A comparecencia suspenderá o expediente. Transcorrido o prazo concedido para efectuar as obras sen que o cumprimento deste compromiso se efectuase, a Comisión de Goberno declarará a caducidade.

4. Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura, o Concello poderá dispoñer dela, unha vez que se trasladen os

restos existentes nela ó correspondente osario."

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos o u atraccións situados en terreo público e industrias de rúa e ambulantes.

O artigo 3 queda redactado como segue:

"1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas na línea seguinte.

2. As tarifas da taxa serán as seguintes:

Tarifa primeira:

Postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou recreo, 0,61€, metro cadrado día, cun máximo de 46,20€/día.

Circos ... 0,22 € m²/día.

A contía da taxa regulada na presente tarifa hase reducir nun 50% cando se trate dunha utilización ou aproveitamento destinado ó público infantil.

En todo caso quedarán exentas as feiras do libro que se celebren na cidade.

Tarifa segunda:

Venda ambulante en feiras e espazos autorizados polo Concello :

Mercado de Recimil.....12€ metros lineales trimestre.

Resto de espazos autorizados.....6€ metros lineales trimestre.

A xestión liquidatoria da presente taxa queda suxeita ao réxime de padrón.

Tarifa terceira:

A instalación de calquera elemento que ocupando dominio público se destine a actividades de promoción, publicidade e similares de bens ou servizos devengará unha taxa por importe de 10,38€ m²/día.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

ORDENANZA NÚM. 25

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.

O artigo 3 queda redactado como segue:

"1. A contía da taxa, por ano regulada nesta Ordenanza virá determinada pola aplicación das seguintes tarifas:

| | Euros(€) |
|---|----------|
| Por cada metro de liña ou tendido de enerxía ou forza motriz para todos os usos | 0,19 |

| | |
|---|-------|
| Por cada columna ou soporte de ferro ou formigón colocado na vía pública para o sostemento de condutores de enerxía eléctrica | 1,49 |
| Por cada columna de madeira para ídem | 2,12 |
| Por cada escuadra ou outra instalación semellante xuntada á edificación, que voe sobre a vía pública ou terreos en común | 0,25 |
| Caixas de amarre, distribución, rexistro ou análogos | 1,49 |
| Casetas de transformadores de iluminación eléctrica por m ² ou fracción | 3,54 |
| Por cada báscula automática que se establece na vía pública | 14,14 |
| Por cada aparello automático para a venda de gasolina, gasóleo ou de calquera outro produto por m ² ou fracción | 7,18 |

A) Instalacións eléctricas subterráneas**a) Conducións**

1. De baixa tensión: por cada metro lineal de conducción eléctrica subterránea formada como máximo dos polos e neutro no caso de corrente continua, ou de tres fases e un neutro no caso de corrente trifásica:

| | |
|-----------------------------------|-------|
| Ata 10 mn ² de sección | 0,19€ |
| De 11 a 100 | 0,22€ |
| De 101 a 500 | 0,22€ |
| De 501 a 1.000 | 0,22€ |
| De máis de 1.000 | 0,22€ |

1. De alta tensión: por cada metro lineal, comprendidas todas as fases0,22€.

b) Outras instalacións

Por metro cadrado ou fracción:

| | | |
|---------------------------------------|--|-------|
| Caixa de distribución (baixa tensión) | 3,54€ | |
| Caixas de derivación (alta tensión) | 5,03€ | |
| Quioscos transformadores | nas rúas de 1ª e 2ª | 7,09€ |
| | nas rúas de 3ª | 5,03€ |
| | Outros terreos do común dentro do casco urbano | 2,55€ |
| | Fóra do núcleo urbano | 1,49€ |

c) Transformadores rotativos:

| | Rúas 1ª e 2ª (€) | Rúas 3ª (€) | Terreos do N.Urbano (€) | Fóra do N.Urbano (€) |
|----------------|------------------|-------------|-------------------------|----------------------|
| Ata 25 KW. | 8,44 | 6,39 | 4,33 | 8,07 |
| De 26 a 50 | 14,00 | 10,95 | 7,18 | 4,54 |
| De 51 a 100 | 27,07 | 20,67 | 14,18 | 8,44 |
| De máis de 100 | 48,75 | 37,88 | 20,67 | 14,00 |

d) Transformadores estáticos

As cotas do epígrafe anterior hanse reducir nun 20 %.

B) Canalización para auga ou gas

Por metro lineal:

| | |
|-----------------------|-------|
| Ata 50 mm de diámetro | 0,22€ |
| De 51 a 150 | 0,22€ |
| De máis de 150 | 0,22€ |

C) "Lucernas" ou depósitos de beirarrúas para servizos de edificios

Por metro cadrado ou fracción:

| | |
|----------------------------------|-------|
| En rúas de 1ª e 2ª categoría | 3,60€ |
| En rúas de 3ª categoría | 1,49€ |
| Terreos do núcleo urbano | 1,20€ |
| Terreos de fóra do núcleo urbano | 0,69€ |

D) Depósitos

Por m³ de volume:

| | Rúas 1ª e 2ª (€) | Rúas 3ª (€) | Terreos do N.Urbano (€) | Fora do N.Urbano (€) |
|------------------|------------------|-------------|-------------------------|----------------------|
| Para combustible | 7,09 | 2,76 | 1,49 | 1,07 |
| Outros depósitos | 2,76 | 1,49 | 0,76 | 0,63 |

Para os efectos previstos por esta ordenanza atenderase á clasificación das rúas, anexa á ordenanza fiscal xeral.

E) Canalizacións eléctricas ou de sinal (comunicación) de propiedade municipal

Por m. lineal, ano e tubo 3,87 €.

Toda vez que o importe desta taxa está suxeito ó mercado e que este -na súa evolución- pode presentar fortes fluctuacións, delégase na Alcaldía o axuste desa taxa ás diferentes variacións que o mercado puidera esixir."

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa".

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola celebración de matrimonios civís.

O artigo 4 queda redactado como segue:

"Cota tributaria.

A cota pola prestación do servizo sinalado no artigo 2 será:

- Rendas anuais inferiores a 10.000.....50,00€
- Rendas anuais entre 10.000 e 20.000.....100,00€
- Resto de rendas.....211,34€

A esos efectos terase en conta a renda de ambos conRAINTES. De non acreditar o nivel de renda mediante a aportación de copia da correspondente declaración, aplicarase o último tramo dos recollidos no parágrafo anterior."

O artigo 5 queda redactado como segue:

"Devengo

1.- A obrigaçión de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación

da solicitude -que sempre facilitará o Negociado da Secretaría da Alcaldía e protocolo- no Rexistro Xeral do Concello."

Engádesse un novo artigo co número 6 que queda redactado como segue:

"Xestión da taxa

1.- A presente taxa está suxeita ó réxime de autoliquidación.

2.-En todo caso o Negociado da Secretaría da Alcaldía-Protocolo establecerá todos os anos no mes de setembro un calendario (días e horas) para a celebración de vodas civís que estará supeditado ós actos propios do Concello e as actividades normais do auditorio (culturais, sociais, artísticas, etc.) agás festivos e pontes, xeralmente casarase: de lúns a venres pola mañá (en horario de oficina) e os venres pola tarde. Dous sábados ó mes (mañá e tarde).

3.-No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase a devolución do 75 por 100 da cota ingresada."

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa".

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de retirada, estancia, manutención y eutanasia de animais.

O artigo 7 queda redactado como segue:

"Xestión da taxa

1.- A presente taxa queda suxeita ó réxime de autoliquidación.

2.- Para levar a cabo a autoliquidación a dependencia encargada da prestación do servizo, mediante oficio asinado polo órgano responsable determinará o contido dos servizos obxecto de liquidación.

Para retirar os animais do lugar en que se preste os servizos será necesario acreditar o pagamento da presente taxa."

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa".

PREZO PUBLICO NÚM. 1

Ordenanza reguladora do prezo público por prestación de servizos na máquina copiadora de propiedade municipal ós particulares que o soliciten.

Engádesse o artigo 5 co seguinte teor:

"Exención.

Éximese ás entidades inscritas no rexistro de asociacións do concello e carezcan de ánimo de lucro, en relación as copias solicitadas relativas a calquera procedemento na que teñan a condición de interesados."

A disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

PREZO PUBLICO NÚM. 2**Ordenanza reguladora do prezo público por prestación de servizos coas máquinas-ferramentas de propiedade municipal ós particulares que o soliciten.**

O artigo 4 queda redactado como segue:

"Tarifa primeira:

A tarifa do presente prezo público será a que resulte de aplicar o custo/hora de persoal necesario para prestar o servizo conforme á seguinte valoración:

| | |
|--------------------|-------------|
| Peón | 10,25€/hora |
| Chofer | 12,36€/hora |
| Oficial Industrial | 12,36€/hora |

En cada liquidación practicada por aplicación deste prezo público, ademais das tarifas anteriores hase incluír unha cantidade única de 21,08€ polo concepto de utilización das máquinas-ferramentas citadas no artigo 3, con excepción dos servizos prestados cos vehículos impulsor e impulsor-succionador, ós que lles corresponderá unha tarifa de 42,93€ e a máquina limpa-pintadas que queda suxeita á tarifa segunda.

Tarifa segunda:

Utilización da máquina limpa pintadas:

Prezo hora..... 50€
Prezo dia.....330€"

A Disposición derradeira queda redactada como segue:

"A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa".

O que se fai público para xeral coñecemento, podendo interpoñerse recurso contencioso-administrativo contra os acordos elevados a definitivos no prazo de dous meses, contados a partir da publicación deste edito no *Boletín Oficial da Provincia*, perante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ferrol, 23 de decembro de 2009

O alcalde

Asdo.: Vicente Irisarri Castro